

C.E.I.P. MANUEL FRAGA IRIBARNE (Cariño)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2021– 2022

ÍNDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- CARACTERÍSTICAS DOS NENOS/AS
- 3.- OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO
- 4.-PERÍODO DE ADAPTACIÓN
5. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS POR TRIMESTRES
- 6.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
- 7.- ACTIVIDADES
- 8.- TEMPORALIZACIÓN
- 9.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 10.- RECURSOS DIDÁCTICOS
- 11.- AVALIACIÓN
- 12.- CONCRECIÓN DO PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN PARA O CICLO
- 13.- COMPETENCIAS BÁSICAS
- 14.- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1.-INTRODUCCIÓN

Unhas das características do proceso de ensinanza aprendizaxe é a intencionalidade, de aí xorde unha das miñas funcións como educadora, que é a de programar, tarefa que consiste en planificar

o traballo que levarei a cabo co meu alumnado: que obxectivos e contidos me propoñerei, que medios utilizarei, que estratexias metodolóxicas emplearei e como avaliarei todo o proceso

Esta programación é anual e vai dirixida ao primeiro nivel do 2º Ciclo de Educación Infantil no C.E.I.P. Manuel Fraga Iribarne de Cariño.

2.-CARACTERÍSTICAS DOS NENOS E NENAS

Non me vou centrar aquí no que son as características propias da idade e que son xeralmente comúns a todos os nenos/as, senón nas peculiaridades do grupo aos que impartirei docencia:

- * O grupo ao que vai dirixida esta programación consta de 5 nenos e 6 nenas (total 11 alumnos) de 3 anos.
- * Revisados os cuestionarios cubertos polas familias e feita a entrevista inicial, os nenos/as falan en castelán e esa é a súa lingua materna. Polo tanto na clase empregarase a lingua materna dos nenos/as, pero irase introducindo progresivamente a segunda lingua (galego).
- * O nivel cultural dos pais é medio.

3.-OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO

A miña intervención educativa irá dirixida a desenvolver os procesos de ensinanza-aprendizaxe que capaciten ao neno/a para:

- * Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o seu propio corpo, formándose unha imaxe positiva de sí mesmo, valorando a súa identidade sexual, as súas posibilidades e limitacións e adquirindo uns hábitos de saúde e hixiene.
- * Actuar cada vez de xeito máis autónomo nas súas actividades habituais, desenvolvendo as súas capacidades de iniciativa e autoconfianza, amosando seguridade afectiva e emocional.
- * Establecer relacións sociais cada vez máis amplias, abandoando progresivamente o seu egocentrismo, respondendo aos sentimentos de afecto, respetando a diversidade e adquirindo unha actitude de axuda e colaboración, tanto cos iguais coma cos adultos.
- * Observar e explorar o contorno inmediato con curiosidade e coidado, identificando as características e propiedades máis significativas e algunha das relacións que se establece entre eles.

4.-PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación é o proceso mediante o cal o neno/a vai elaborando, dende o punto de vista dos sentimentos, a perda e a ganancia que supón a separación, ata chegar voluntariamente a unha aceptación interna da mesma. Para realizar este logro o neno/a precisa, entre outras cousas, tempo, o seu tempo concreto. Hai que ter en conta que todos os nenos/as non son iguais, polo tanto a adaptación duns e doutros tamén será distinta. Débense evitar comparacións xa que isto non beneficiará a ningún e menos aos propios nenos/as.

Quérese conseguir para todo o alumnado unha ensinanza individualizada que lles permita adaptarse ao seu propio ritmo, proporcionándolle a cada un as axudas que necesite según as súas características. Para iso a titora ten que coñecer a fondo cada neno/a e isto conséguese coa axuda das familias, coas cales concertouse unha entrevista individual para a recollida de datos un pouco máis concretos dos seus fillos/as. Estas entrevistas fixéronse antes de empezar co período de adaptación(entre o 6,7 e 8 de setembro). Ademais recolléranse datos dos propios nenos/as a través da observación diaria por parte das mestras.

Neste período de adaptación a colaboración das familias é fundamental para que xuntos axudemos a que os nenos/as vexan a escola como un lugar que lles da seguridade, confianza, que lles ofrece satisfacción das súas necesidades, que lles estimula, en definitiva un lugar onde desenvolverse e medrar felices. Por todo isto na reunión coas familias solicitouse a súa

colaboración e recalouse o importante que é todo isto para que saia con éxito o inicio da escolaridade.

O período de adaptación lévase a cabo dende o 9 ata o 21 de setembro. Este período é moi importante para estes nenos/as que acaban de incorporarse ao centro xa que para eles/as é todo novo e precisan ir adaptándose pouco a pouco ao mesmo. Por esta razón a entrada ao centro organízase en grupos pois para eles/as é a mellor forma de adaptarse é ir coñecendo aos compañeiros/as, así coma comezar cun horario moi reducido e cada semana ir aumentándoo ata chegar ao horario completo de 5 horas que teñen a partir do 22 de setembro.

O horario e a organización dos grupos é a seguinte:

Semana do 9 ao 10 de setembro

XOVES	9:30 h a 11:00 h	11:20 h a 12:50 h
grupos	A	B
VENRES	9:30 h a 11:00 h	11:20 h a 12:50 h
grupos	A	B

Semana do 13 ao 17 de setembro:

LUNS	9:30h a 11:30h
grupos	TODOS
MARTES	9:30h a 11:30h
grupos	TODOS
MÉRCORES	9:30h a 13:00h
grupos	TODOS
XOVES	9:30h a 13:00h
grupos	TODOS
VENRES	9:30h a 13:00h
grupos	TODOS

Semana do 20 ao 21 de setembro

LUNS	9:30 h a 14:00 h
grupos	TODOS
MARTES	9:30 h a 14:00 h
grupos	TODOS

O grupos A e B están formados por 5 e 6 alumnos/as respectivamente.

A partires do mércores 22 de setembro o horario será o normal do centro, de 9:30 a 14:30. Por mor da Covid-19 a entrada será flexible e, a partires das 9:20h, o alumnado poderá acceder ao centro e directamente á aula estando a titora a cargo dos/as que vaian entrando.

5.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS POR TRIMESTRE

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE 9 SETEMBRO 21 DECEMBRO	NIVEL: 3 ANOS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS			CRITERIOS DE AVALIACIÓN
	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	
-Identificar progresivamente as súas posibilidades e limitacións e actuar dacordo con elas. -Inicarse na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas coa hixiene e seguridade persoal. -Explorar e identificar as principais partes do corpo. -Ter unha actitude de respecto cara as características e cualidades das outras persoas e empezar a valoralas, sin actitudes de discriminación en relación ao sexo ou a calquer outro rasgo diferenciador. -Coñecer as características dos obxectos utilizando as posibilidades sensitivas do propio corpo.	-A hixiene e limpeza persoal. -A imaxe global: o meu corpo. -As partes do corpo: cabeza (ollos, boca, nariz, ...); tronco (barriga, costas, ...); extremidades (brazos, mans, pernas, pés,dedos, ...). -Os sentidos: órganos e funcións. -As características e as diferencias do corpo: neno/nena. Os xenitais (vulva/pene). -As posturas: sentado/de pé/ tumbado. -As normas de relación e convivencia. -Os xestos: triste/ledo. -Os alimentos saudables. -Os sentidos: gusto, olfato, tacto e	-Identificación de diferentes sensacións e percepcións, tanto do propio corpo (fame, sede, estar sucio, ...) coma do exterior (clima, obxectos, compañeiros, ...). -Observación de semellanzas e diferencias entre sí mesmo e os demais. -Exploración a través dos sentidos. -Regulación e control de necesidades básicas (xogo, alimentación, ...). -Expresión corporal a través do xogo simbólico, a mímica e a dramatización. -Desenvolvemento do equilibrio e do control postural (en relación con obxectos e tarefas).	-Gusto por un aspecto persoal limpo e coidado. -Aceptación das diferencias individuais evitando discriminación. -Goce coa expresión a través do corpo -Aceptación e valoración da propia identidade, as súas posibilidades e limitacións. -Confianza nas súas posibilidades de acción. -Gusto polo exercicio físico e a	-Diferencia as principais partes do corpo. -Recoñece as súas características diferenciais: sexo, aspecto físico. -Realiza interaccións neno-nena sin discriminacións en canto ao sexo. -Desenvolve hábitos elementais: ir só ao baño, vestirse, espirse, soarse cando se lle recorda. -Pon en práctica os principais hábitos de hixiene e saúde: lavar as mans antes de comer, despois de ir ao baño e despois dalgunha actividade na que se manche.

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE 9 SETEMBRO 21 DECEMBRO	NIVEL: 3 ANOS		
-Progresar na coordinación visomanual para manexar e explorar obxectos, e para realizar cada vez mellor as actividades cotiás. -Adecuar o propio comportamento ás necesidades, demandas, requerimentos e explicacións dos outros nenos/as e adultos. -Orientarse e actuar de xeito máis autónomo nos espazos cotiás. -Fomentar unha alimentación saudable. -Desenvolver habilidades sensoriais respecto aos alimentos: vista, olfato, tacto e gusto. -Diferenciar os conceptos: seco/mollado.	vista con respecto aos alimentos. -As cualidades: seco/mollado.	-Desenvolvemento da psicomotricidade grossa e fina. -Emprego axeitado dalgúns instrumentos e obxectos: botóns, cremalleiras, ... -Regulación progresiva do comportamento (turno de palabra). -Petición de axuda se é preciso. -Práctica de hábitos hixiénicos relacionados cos alimentos. -Discriminación de alimentos sans e non tan sans.	actividade. -Autonomía en tarefas diarias (vestirse, ir ao servizo, soarse, ...). -Aceptación de normas para unha boa alimentación e prevención de enfermidades ou accidentes. -Gusto por unha alimentación sana. -Disfrute coa experimentación dos sentidos con respecto aos alimentos.	-Recoñece no seu propio corpo e nos dos outros os órganos dos sentidos e a súa utilidade. -Mostra unha actitude positiva cara os alimentos saudables. -Identifica os conceptos seco/mollado.
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: Este curso ao non contar con mestre/a de apoio á EI non contaremos polo tanto con apoios tan necesarios nesta etapa, e sobre todo neste nivel e trimestre. Atenderase por parte da titora dunha maneira máis específica aos alumnos/as que presenten maior dificultade para levar a cabo as actividades propostas.				

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE 9 SETEMBRO 21 DECEMBRO	NIVEL: 3 ANOS
--	---	----------------------

ACTIVIDADES:

(AS ACTIVIDADES A REALIZAR SERÁN GLOBALIZADAS POLO QUE É CONTRADICTORIO FACER UNHA DIVISIÓN POR ÁREAS).

De todos os xeitos neste apartado citaranse as **actividades tipo** que están máis relacionadas con esta área.

-Rutinas relacionadas cos hábitos de autonomía no vestir e na hixiene: sacar e poñer o chaquetón, poñer e quitar o mandilón (abotoándoo e desabotoándoo eles/as sós/soas), ir ao baño para facer as súas necesidades e para lavar as mans despois, lavar as mans antes da merenda do recreo, recoller a mesa despois da merenda, hixiene de mans a entrada e saída da aula seguindo o protocolo Covid,....

- Facer unha fila para entrar e saír do colexio.

- Realizar imitacións de accións e dramatizacións de cancións e poesías.

-Recoller os recunchos de xogo despois de xogar.

-Distintos tipos de xogos co corpo.

- Realizacións de fichas relacionadas cos proxectos traballados.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE 9 SETEMBRO 21 DECEMBRO	NIVEL: 3 ANOS	
OBXECTIVOS	CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE	NIVEL: 3 ANOS		
	9 SETEMBRO			
	21 DECEMBRO			
	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	
-Coñecer as normas e xeitos de comportamento social dos grupos dos que forma parte. -Respectar as normas básicas de convivencia na escola. -Identificar e nomear as principais dependencias da escola así coma os espazos e materiais da aula. -Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do entorno, podendo identificar algúns factores que inflúen sobre eles. -Identificar unha paisaxe outonal. -Interesarse por coñecer e participar en festas, costumes e tradicións do entorno inmediato -Identificar e nomear diferentes froitos. -Identificar o centro de saúde como lugar positivo para a nosa saúde. -Amosar interese e curiosidade cara a comprensión do medio físico e social, formulando preguntas. - Coñecer e participar nas festas tradicionais: Magosto e Nadal. -Comprender e utilizar os ordinais: primeiro e último. - Utilizar os cuantificadores moitos/poucos. -Realizar unha serie seguindo a orde: grande/pequeno	-As normas de relación e convivencia. -A escola: as súas dependencias. -As características da aula: recunchos, espazos e elementos. -O outono: tempo atmosférico, roupa que usamos, cambios na natureza, ... -Os froitos. -O Magosto. -O Nadal. -Os cuantificadores: moitos/poucos. -As cualidades: grande/pequeno. -Nocións espaciais:dentro/fóra. -Os ordinais: primeiro/último. -O número no corpo na vestimenta. -A forma xeométrica do círculo.	-Exploración e orientación nos espazos habituais do colexio. -Identificación de comportamentos axeitados no ámbito escolar. -Identificación dalgúns membros do centro de saúde. -Identificación e utilización axeitada das cualidades grande/pequeno. -Exploración do espazo según as nocións: dentro/fóra. -Identificación do número que corresponde á súa idade e a dos compañeiros/as. -Agrupación de obxectos pola súa forma circular. -Agrupación de obxectos polas cores traballadas.	-Aceptación de normas moi sinxelas de convivencia na aula e no xogo (recoller, poñerse na fila, ...) -Gusto por participar nas festas (Magosto, Nadal).	-Respetar e coida os materiais da aula. -Capta as rutinas cotiáns. -Identifica as persoas do colexio que teñan relación con el/ela. -Respecta algunha das normas negociadas con él/ela. -Oriéntase nos espazos da súa aula. -Localiza os obxectos habituais da clase. -Manipula obxectos do seu entorno descubriendo e expresando algunha característica. -Identifica feitos e fenómenos que suceden no seu entorno ou dos que forma parte: a choiva, o Nadal. - É capaz de participar nas festas organizadas na etapa. -Reproduce seriacións alternando un criterio. -Utiliza de forma vivenciada as nocións básicas: dentro/fóra; grande/pequeno; moitos/poucos. -Recoñece os números traballados -Discrimina obxectos pola súa forma circular. -Agrupar obxectos atendendo a un

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE	NIVEL: 3 ANOS		
	9 SETEMBRO			
	21 DECEMBRO			
-Vivenciar e recoñecer posicións elementais: dentro/fóra. -Identificar e nomear o número que corresponde coa súa idade. -Identificar e nomear a forma xeométrica: o círculo.				atributo dado. -Discrimina obxectos polas cores traballadas: vermella e azul.

ATENCIÓN Á DIVERSIDAD: (Descrito na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal).

ACTIVIDADES:

Actividades tipo:

- Desprazamentos polo colexio observando todas as dependencias da pranta de E.I., aulas de E.P, patio exterior e patio interior, biblioteca, ...
- Observar e manipular os bloques lóxicos.
- Facer un libriño sobre a algúns froitos.
- Participar no Magosto do colexio.
- Recolle follos secas polo patio.
- Realizar fichas relacionadas cos proxectos.
- Visita e entrega de cartas aos Reis Magos.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE	NIVEL: 3 ANOS		
	9 SETEMBRO			
	21 DECEMBRO			
OBXECTIVOS	CONTIDOS			CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE 9 SETEMBRO 21 DECEMBRO	NIVEL: 3 ANOS		
	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	
- Comprender as mensaxes que lle comunican outros nenos/as e adultos. - Explorar e utilizar utensilios e materiais específicos e non específicos para a produción plástica. - Describir oralmente láminas e debuxos sobre os contados traballados. - Recoñecer as posibilidades expresivas do propio corpo para comunicar sentimentos propios e dos demais. - Coñecer e utilizar vocabulario referido aos centros de interese. - Coñecer contos, poesías, panxoliñas, adiviñas, ... tanto tradicionais coma novas. - Ordear dúas escenas de diferentes momentos dun conto. - Evocar e verbalizar as propias vivencias. -Diferenciar o ruído do silencio. -Diferenciar os sons fortes dos suaves. - Explorar as	-A conversa. -Os materiais específicos para a expresión plástica: pintura de dedos, plastilina, esponxa, punzón, pegamento. -A lectura de imaxes. -O trazo: vertical, horizontal. -As técnicas: rasgado, modelado, estampado, collage. -As poesías, adiviñas, contos, panxoliñas, cancións, ... -O ruído e silencio. -O nome. - As cores: vermella, azul. -O ordenador.	-Comprensión de órdenes e explicacións da mestra. -Participación en diálogos e en conversas. -Exploración e uso axeitado dos materiais para a expresión plástica. -Iniciación ás técnicas plásticas: pintura de dedos, modelado, estampado, picado, rasgado. -Memorización de poesías, cancións, adiviñas e panxoliñas. -Identificación, utilización e produción de imaxes. -Descubrimiento do propio corpo como instrumento para a expresión plástica. -Exercitación do trazo vertical e horizontal. -Discriminación por contraste de ruído e silencio. -Escenificación por imitación de historias sinxelas.	-Interese por participar en representacións. -Iniciativa e disfrute coas producións propias e respecto polas dos demais. -Gusto e disfrute co descubrimento de novos materiais e técnicas de expresión plástica. -Goce coa expresión a través do corpo. -Interese por participar en situacións de comunicación oral.	-Nomea os obxectos escolares. -Di o seu nome e o dos seus compañeiros/as. -É capaz de contestar a preguntas relacionadas coas súas vivencias. -Reproduce cancións e poesías curtas e de tradición popular acompañada de xestos. - Reproduce o trazo horizontal e vertical. - Utiliza técnicas sinxelas de expresión plástica: modelado, debuxo con ceras, pintura cos dedos, rasgado e pegado de papel. -Discrimina sons. -Disfruta co manexo do ordenador.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE		NIVEL: 3 ANOS		
	9 SETEMBRO				
	21 DECEMBRO				
posibilidades sonoras do propio corpo, de obxectos comúns e de instrumentos musicais. - Identificar e nomear a letra inicial do seu nome. - Identificar e nomear as cores vermella e azul. -Iniciarse no coñecemento das novas tecnoloxías.					
ATENCIÓN Á DIVERSIDAD: (Descrito na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal).					
ACTIVIDADES:					
Actividades tipo:					
-Escoitar cancións, pezas musicais, sons, ...					
-Escoitar contos contados pola profesora.					
-Conversar na asamblea diaria.					
-Confeción dun mural sobre a temática do outono.					
-Xogar ao xogo “Na busca dos tesouros de cor ...”					
-Reproducir o trazo vertical na pizarra.					
-Experimentar cos distintos materiais para a expresión plástica.					
-Fichas relacionadas cos contidos traballados.					

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE 10 XANEIRO 8 ABRIL	NIVEL: 3 ANOS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS			CRITERIOS DE AVALIACIÓN
	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	
-Aplicar a coordinación visomanual necesaria para manexar e explorar obxectos cun grao de precisión cada vez maior na realización de tarefas relacionadas coas distintas formas de representación gráfica. -Controlar as habilidades motrices finas: abotoar/desabotoar. -Identificar percepcións visuais e auditivas. -Identificar algunhas necesidades do corpo humano: frío, fame e sono. -Disfrutar coa elección autónoma das actividades de ocio. -Coñecer as características dos obxectos utilizando as posibilidades sensitivas do propio corpo. -Utilizar axeitadamente os xoguetes. -Diferenciar os conceptos: frío/quente.	-Necesidades básicas do corpo humano: frío, fame e sono. -Os sentidos: oído e vista. -As normas de convivencia. -Os xoguetes. -As cualidades: frío/quente.	-Utilización do sentido da vista e oído para recoñecer xoguetes e obxectos cotiáns. -Identificación dalgunhas necesidades do corpo. -Utilización da motricidade fina para a realización de actividades habituais.	-Interese por realizar tarefas de xeito cada vez máis autónomo. -Actitude positiva para colaborar nos xogos.	- Diferencia os órganos dos sentidos e a utilidade de cada un. -Consegue o maior número de movementos espontáneos coordinados para que descubra as posibilidades do seu corpo. -Coordina olo-man a través do manexo de diferentes obxectos e actividades. -Abotoa e desabotoa o mandilón sen axuda. -Manifesta o seu estado de ánimo. -Realiza construcións sinxelas e puzzles de 6-9 pezas. -Iníciase en hábitos de convivencia (saudar, esperar turno, pedir por favor, dar as gracias). -Presta materiais ou obxectos aos compañeiros/as. -Amosa interese por mellorar o seu aspecto. -Compórtase de forma axeitada nos xogos.
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: (Descrito na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal do 1º trimestre).				
ACTIVIDADES: Actividades tipo: -Xogar ao xogo “A galiña cega”.				

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE	NIVEL: 3 ANOS
	10 XANEIRO	
	8 ABRIL	

-Recoñecer sons cos ollos tapados.

-Abotoar e desabotoar o mandilón e chaquetón sin axuda.

-Fichas relacionadas cos contidos traballados.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE	NIVEL: 3 ANOS		
	10 XANEIRO			
	8 ABRIL			
OBXECTIVOS	CONTIDOS			CRITERIOS DE AVALIACIÓN
	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	
-Participar na confección de adornos e disfraces de entroido. -Identificar as consecuencias que produce a experimentación cos xoguetes. -Identificar unha paisaxe invernal.. -Vivenciar as nocións temporais: apresa/amodo. -Diferenciar as nocións espaciais: enriba/abaixo; diante/detrás. -Experimentar cos conceptos aberto/pechado. -Realizar seriacións atendendo a dous criterios. -Identificar os lugares onde se atopan números -Asociar números longos ou curtos ao lugar onde se atopan.	-Os xoguetes: eléctricos e manuais. -O Entroido: disfraces e tradición. -Os materiais de uso cotidiano. -O inverno: paisaxe, fenómenos atmosféricos, ... -As nocións temporais: apresa/amodo. -As nocións espaciais: enriba/abaixo; diante/detrás. -As cualidades:	-Identificación das distintas partes do disfraz: carouta, antiface, traxe, -Celebración da festa do entroido. -Experimentación con xoguetes sonoros. -Identificación dos xoguetes que necesitan enerxía para funcionar. -Observación de elementos naturais propios do inverno. -Observación de diferentes sitios onde atopamos números. -Experimentación das nocións temporais:	-Interese na elaboración de adornos e disfraces de entroido. -Interese pola tradición cultural do seu entorno máis próximo. -Curiosidade pola procedencia da enerxía.	-Discrimina: festa/escola. -Coñece unha festa do seu entorno: o entroido. -Di algunhas cualidades dos obxectos reais respondendo á pregunta: como é? -Amosa interese por coñecer de onde provén a enerxía. -Utiliza de forma vivenciada as nocións espaciais e temporais traballadas no trimestre. -Colócase diante ou detrais dun compañeiro a unha orde dada. -Reproduce seriacións atendendo a dous criterios dados.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE 10 XANEIRO 8 ABRIL	NIVEL: 3 ANOS		
-Identificar a figura xeométrica: cadrado.	aberto/pechado. -O número no entorno familiar(coche, casa, ..). -O cadrado.	apresa/amodo. -Vivenciación das nocións espaciais: enriba/abaixo; diante/detrás. - Identificación de obxectos con forma cadrada. -Clasificación de obxectos polas súas cores (amarela, verde).		-Recoñecer as figuras xeométricas: círculo e cadrado. -Discrimina obxectos pola cor: vermella, azul, amarela e verde.
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: (Descrito na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal do 1º trimestre).				
ACTIVIDADES: Actividades tipo: -Confeccionar caroutas e antifaces. -Xogos e manipulación cos bloques lóxicos. -Colocar obxectos a unha orde dada atendendo aos conceptos espaciais traballados. -Fichas relacionadas cos contidos traballados.				

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE 10 XANEIRO 8 ABRIL	NIVEL: 3 ANOS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS			CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE 10 XANEIRO 8 ABRIL	NIVEL: 3 ANOS		
	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	
-Iniciarse no uso do pincel. -Coñecer e utilizar o vocabulario relacionado co entroido . -Realizar o trazo en cruz. -Identificar o seu nome. -Representar con mímica sensacións e sentimentos. -Memorizar cancións e poesías relacionadas cos temas traballados. -Identificar e nomear a cor amarela e verde. -Progresar no uso do ordenador.	-O pincel. -O nome propio. -O trazo en cruz. -Os números longos e curtos. -As cores: amarela e verde. -O ordenador.	-Realización de trazos en cruz. - Confección dun xoguete. -Iniciación ao uso do pincel.	-Respecta ás producións propias e alleas. -Disfrute coa utilización de novas técnicas e materiais -Gusto por expresarse co propio corpo. -Hábito de escoitar con atención. -Gusto por colaborar na confección dun xoguete.	-Comprende mensaxes orais sixelas dadas polo adulto. -É capaz de explicar partes dun conto escoitado, aínda que non estean na mesma orde. -Recoñece e interpretar os símbolos (referidos ao tempo e aos recunchos). -Expresa os seus desexos, sentimentos e emocións con xestos e movementos da cara. -Reproduce o trazo vertical, horizontal e a cruz. -Reproduc sons corporais e do entorno. -Manexa utensilios da clase: pincel. -Disfruta coa manipulación do ordenador.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: (Descrito na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal do 1º trimestre).

ACTIVIDADES:

Actividades tipo:

- Dramatizacións de contos.
- Elaboración do disfraz.
- Escoller o seu nome de entre varios para poñelo no lugar indicado para o encargado do día.
- Recitado de poesías, cancións, ...

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE	NIVEL: 3 ANOS
	10 XANEIRO	
	8 ABRIL	

-Experimentar, de xeito especial coas pinturas das cores traballadas.

-Realizar as tarefas do encargado coa orde correcta: pasar lista, nomear e contar aos que faltan, contar aos que sí están na clase, poñer a data, observar o tempo, colocar o símbolo do mesmo no calendario.

-Fichas relacionadas cos contidos traballados.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	TEMPORALIZACIÓN: 3º TRIMESTRE	NIVEL: 3 ANOS		
	19 ABRIL 22 XUÑO			
OBXECTIVOS	CONTIDOS			CRITERIOS DE AVALIACIÓN
	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	
-Valorar a importancia do medio natural para a vida humana, manifestando cara el actitudes de respecto e coidado. -Observar e descubrir os elementos naturais e a paisaxe característica do verán. -Realizar experiencias sinxelas con prantas e elementos naturais. -Participar de maneira activa no coidado e mantemento do medio. -Diferenciar entre paisaxes montañosas e costeiras. -Descubrir o entorno próximo no verán. -Recoñecer a necesidade de adecuar a actividade e as prendas de vestir ás novas estacións.. - Realizar operacións sinxelas coas	-Os elementos da paisaxe: montañas, praias, ... -O verán: o mar, elementos naturais do entorno, tempo atmosférico, prendas de vestir, alimentos, festas. -O coidados das prantas. -Os animais do entorno próximo: cabalos, vacas, peixes... -Os monumentos galegos: catedral, muralla, torre, fontes, ... -As cualidades: longo/curto; alto/baixo;	-Observación dos cambios que se producen na paisaxe, nos animais e nas persoas nas distintas estacións. -Actuación sobre o medio. -Clasificación e ordenación dos obxectos atendendo aos seus atributos. -Utilización dos termos : círculo, cadrado e triángulo.	-Respecto e coidado do entorno natural. -Actitude de axuda e colaboración. -Participación positiva e alegre. -Disfrute coas actividades propostas. -Actitude axeitada de comportamento nun lugar público.	-Diferencia algunhas características da flora e fauna do seu entorno. -Relaciona os fenómenos atmosféricos coa súa vestimenta. -Comportarse de xeito adecuado ás normas cívicas no interior dun establecemento público. -Discrimina obxectos polas cores básicas, tamaño e forma. -Clasifica obxectos polas cualidades traballadas no trimestre. -Identifica a grafía traballada coa cantidade - Recoñece as formas xeométricas traballadas.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	TEMPORALIZACIÓN:	NIVEL: 3 ANOS		
	3º TRIMESTRE			
	19 ABRIL 22 XUÑO			

coleccións de obxectos: quitar, poñer. -Diferenciar o día da noite. -Asociar o número á cantidade dentro do medio natural -Identificar a forma xeométrica: o triángulo.	igual/diferente. -As nocións temporais: día/noite. -O número no medio natural(nos animais e nas plantas) -As forma xeométrica: o triángulo.			
--	--	--	--	--

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: (Descrito na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal do 1º trimestre).

ACTIVIDADES:

Actividades tipo:

- Saídas ao entorno natural.
- Saída as praias da zona.
- Fichas relacionadas cos contidos traballados.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN:	NIVEL: 3 ANOS		
	3º TRIMESTRE			
	19 ABRIL 22 XUÑO			
OBXECTIVOS	CONTIDOS			CRITERIOS DE AVALIACIÓN
	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES	
-Recoñecer as dúas linguas de Galicia.	-As nosas linguas: galego e castelán.	-Adquisición de diversas técnicas de	-Actitude positiva ante a lingua	-Escoita aos outros compañeiros/as.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 3º TRIMESTRE 19 ABRIL 22 XUÑO	NIVEL: 3 ANOS		
-Afianzar as técnicas plásticas xa coñecidas. -Iniciarse na utilización das tesoiras. -Seguir esquemas rítmicos sinxelos. -Avanzar na realización de garabatos, grafismos e a lectura de pictogramas. -Progresar na articulación correcta de sons e palabras. -Comunicar os descubrimentos e compartir os coñecementos adquiridos co resto do grupo. -Diferenciar entre nomes curtos e longos. -Recoñecer nomes iguais e diferentes. -Desenvolver a través de todas as linguaxes expresivas a imaxinación, creatividade e comunicación. -Enriquecer o vocabulario coas palabras relacionadas cos centros de interese traballados. -Identificar e nomear as cores: laranxa e rosa. -Progresar no uso do ordenador.	-Utensilios que utilizamos para pintar: cabaleta, pinturas, pinceis, rotuladores. -As tesoiras. -Os pictogramas. -O refrán, adiviñas, cancións, -Os nomes propios dos compañeiros/as. -As cores: laranxa e rosa. -O ordenador.	debuxo: pintura, estampacións, composicións, ... -Identificación da figura humana nas realizacións plásticas. -Identificación de nomes iguais e diferentes. -Representación gráfica das experiencias feitas. -Recitado e memorización de refráns, poesías, cancións, ... -Conversación sobre as unidades didácticas. -Iniciación ao uso das tesoiras. -Manexo do ordenador.	galega. -Respecto cara as obras dos compañeiros/as. -Disfrute coa realización das súas obras. -Coidado dos diferentes utensilios que se usan na clase para a realización das diferentes actividades plásticas. -Interese polo coñecemento das técnicas básicas. -Atención e interese cara aos textos de tradición cultural. -Interese por coñecer a escritura e lectura do seu nome. -Disfrute ante as actividades rítmicas. -Gusto pola actividade manipulativa.	-Ordea historias de tres viñetas. -Reproduce o seu nome por escrito. -Recorta formas simples. -Limpa os útiles de pintura despois de usalos. -Identifica nomes iguais e diferentes. -Canta cancións. -Disfruta coa manipulación do ordenador.
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: (Descrito na área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal do 1º trimestre).				
ACTIVIDADES: Actividades tipo:				

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 3º TRIMESTRE	NIVEL: 3 ANOS
	19 ABRIL	
	22 XUÑO	

-Experimentar cos materiais de expresión plástica.

-Observación e lectura de pictogramas.

-Xogos co sentido do tacto.

-Dramatizacións de contos, cancións e poesías.

-Aprender refráns referidos ao tempo atmosférico e aos meses.

-Xogo “Vexo, vexo”.

-Xogo “De La Habana ha venido un barco cargado de...”

-Confección dun mural do verán.

-Confección dun puzzle cos monumentos máis significativos de Galicia.

-Fichas relacionadas cos contidos traballados.

6.-PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Para desenvolver unha metodoloxía na aula, non existen “receitas” concretas de actuación, senón que partindo duns principios xerais hai que ir adaptando o ensino a unha situación determinada cuns factores particulares a ter en conta:

- Nº de alumnos e as súas características.
- Materiais e recursos cos que se conta.
- Contorno socio-cultural.
- Existencia de profesorado de apoio e especialistas (inglés, relixión).

Dada a situación concreta explicada anteriormente, considero que se deben ter en conta os seguintes principios:

a) Relación escola-familia, pais-mestra:

Os nenos e nenas veñen dun ambiente familiar que descoñezo e no que adquiriron coñecementos e hábitos que van influir no seu futuro desenvolvemento. Isto implica a necesidade dun primeiro contacto en xuño, un segundo a principios de curso e sucesivas reunións para colaborar estreitamente na educación do alumnado.

Os primeiros días as familias poderán acompañar aos seus fillos /as dentro da aula, aumentando progresivamente a súa ausencia ata que o neno se adapte á nova situación. Asimismo as familias poderán ofrecer a súa axuda ao longo do curso en diferentes situacións: aportación de coñecementos e experiencias referentes a algún tema, aportación de material, etc...

En resumen, a nosa intención non é disputar a educación dos nenos/as coas súas familias senón compartila.

b) Globalización:

A globalización da nome a unha actividade docente que se encamiña á consecución do desenvolvemento global dos nenos/as, é dicir, do desenvolvemento de todas as súas capacidades que sen dúbida están implicadas nas súas distintas experiencias. Por isto procurárase ofrecer actividades potenciadoras e estimuladoras de mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, de imaxinación, creativos, etc. Así os proxectos que vou programando responderán a unha perspectiva globalizadora e desenvolveráanse a través de situacións de aprendizaxe que interrelacionen as distintas áreas de contido para organizalos e articulalos con sentido e intencionalidade e provocando a entrada en xogo das diferentes facetas da personalidade do neno/a.

c) A significatividade da aprendizaxe:

Aprender significativamente supón a posibilidade de atribuír significado ao novo, a partir do que xa se coñece. Implica integrar as novas aprendizaxes na estrutura cognitiva do neno/a que levará á súa memorización comprensiva e a súa funcionalidade.

Para acadar esta significatividade, en cada proxecto que programe debo ter en conta:

- Que os contidos sexan significativos, plantexados de maneira clara, coherente e ben organizados.
- Que se adapten aos coñecementos previos do alumnado, para o cal farei unha avaliación inicial respecto dos contidos que trate cada proxecto.
- Que os contidos sexan motivadores e de interese, que teñan relación coas súas vivencias, que estean contextualizados e que faciliten a acción, o xogo, a manipulación e exploración directa do mundo que rodea ao neno/a.

d) A actividade:

O neno e a nena deben ser os propios protagonistas da súa aprendizaxe polo que débese procurar manter activa a mente do alumnado a través de situacións que lle permitan ir elaborando as súas propias percepcións da realidade.

Débese facilitar a realización de actividades e experiencias que, conectando ao máximo coas necesidades dos nenos/as, cos seus intereses e motivacións, lles axuden a comprender e desenvolverse.

É fundamental a actividade física pero débese procurar que dita actividade se verbalice para que sexa tamén mental.

e) Clima afectivo e de seguridade:

É preciso ofrecer ao neno e á nena un ambiente cálido, acolledor e seguro, no que se sinta querido. Este ambiente estimulador de relacións interpersoais contribúe á construción dunha auto-imaxe axustada e positiva. Todo isto non implica que non existan normas que leven a unha certa disciplina ou orde, senón que nos, como mestras debemos manter unhas relacións democráticas e comprensivas cos nenos/as, así como confiar nas súas capacidades.

A afectividade é un elemento clave, sobre todo nos nenos/as máis pequenos/as, polo que se debe mostrar o noso afecto continuamente a través da linguaxe tanto verbal coma non verbal (sorriso, caricia...).

Este clima afectivo garante a motivación do neno e da nena cara a escola e a súa aprendizaxe.

f) Socialización e Comunicación:

A estas idades os nenos/as son moi egocéntricos e a socialización é unha meta a conseguir sen presas, senón lentamente ao longo de toda a etapa de Educación Infantil.

Para favorecer a comunicación e socialización entre iguais debemos ofrecer moitas situacións nas que esta comunicación sexa imprescindible (dramatizacións), xogos colectivos nos que cada vez

sexa menor a nosa intervención, actividades que fomenten a axuda e colaboración, tarefas en equipo (muraís), ...

O xogo libre debe ocupar gran parte do tempo escolar xa que é unha fonte importantísima de aprendizaxe e socialización.

g) Individualización:

O reto da escola consiste en ser capaz de ofrecer a cada alumno/a a axuda pedagóxica que necesita axustando a nosa intervención educativa á individualización do alumnado. Só así podemos compensar desigualdades en lugar de fomentalas. Por iso plantexaranse situacións diversas e con diferente nivel de complexidade, de xeito que se poidan adaptar a cada neno/a e lles permitan acadar con éxito as distintas metas.

h) Ambiente de aprendizaxe:

Intentarei organizar os espazos da aula e os materiais de xeito que inviten a aprender. Esta organización será a base de recunchos de traballo diferentes nos que o neno/a poida estar ao longo do día e que lles ofrezan diversidade de actividades e experiencias.

En principio a aula dispón dos seguintes:- Biblioteca - Plástica - Lóxica-matemática- Casiña - Construcións

Organizarei o material de uso diario en andeis á altura do alumnado de xeito que accedan a el de maneira autónoma.

7.-ACTIVIDADES

Ante a imposibilidade de especificar todas as actividades a levar a cabo ao longo do curso, limitareime a explicar un pouco como serán esas actividades, como se organizarán e exporei algunha actividade “tipo” a modo de exemplo.

As actividades a realizar na aula han de cumprir unhas condicións:

- Levar ao neno/a á consecución dos obxectivos programados.
- Ser globalizadas, posibilitando o desenvolvemento de diversas capacidades.
- Ser motivadoras, significativas para os nenos/as.
- Ser potenciadoras da actividade física e mental.
- Facilitar a interrelación entre os nenos/as.
- Non ser competitivas.
- Fomentar a igualdade sexual.
- Moi variadas e breves.

Estas actividades iranse programando durante o curso en torno ós diferentes proxectos que respondan aos intereses dos nenos/as.

Como actividades fundamentais na aula destacai as **rutinas**, entendendo como tales aquelas que se realizan diariamente e que contribúen a dar seguridade ao neno/a e que lle axudan na orientación espazo-temporal. Estas rutinas están moi ligadas aos hábitos, que son fundamentais para a adquisición de autonomía e independencia por parte dos nenos/as.

Actividades tipo:

- Facer pequenas saídas ao contorno para tomar contacto directo coa realidade a coñecer.
- Recollida de follas (outono).
- Plantar árbores e observar as plantas e flores.
- Ir á praia.
- escoitar contos, observar e analizar imaxes del, secuencialas temporalmente, narralas e dramatizalos.
- Xestualizar e memorizar algunhas poesías, adiviñas ou cancións e reproducilas oralmente.
- Conversar libremente, contando as propias vivencias aos demais respectando as normas.
- Confecionar o seu disfraz para a festa do Entroido.
- Facer muraís en grupo utilizando distintas técnicas plásticas.
- Modelar con diferentes materiais: barro, plastilina, masa de fariña, ...

- Responsabilizarse do coidado de plantas que teñamos na clase.
- Celebrar pequenas festas: “Festa dos froitos de outono”, “Festa de Cumpreanos”, “Festa de Nadal”, “Festa Fin de curso”, ...

Tamén realizaremos **actividades complementarias e extraescolares** propostas polos distintos grupos (biblioteca, EDLG, ACE, ciclo) así como as organizadas polo Concello ou ANPA

8.-TEMPORALIZACIÓN

Na reunión de ciclo de principios de setembro acordouse traballar no mesmo ao redor duns proxectos que son os seguintes:

- “Gústame o meu corpo”(no 1º trimestre)
- “Remexendo no pasado”(no 2º trimestre)
- “Cariño, o meu pobo”(no 3º trimestre)

A temporalización dos mesmos sempre será orientativa pois pode xurdir na aula interese por parte do alumnado por prolongalos ou acortalos no tempo.

9.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A palabra “**diversidade**” non só fai referencia á atención ás NEE senón que abrangue ás diferenzas individuais que se dan nunha poboación escolar, tanto de orixe innato como medioambiental (ambientes pouco ou moi enriquecedores, diferenzas étnicas, diferenzas socioeconómicas, ...).

Unha escola que pretenda ser igualitaria e comprensiva debe dar resposta a estas diferenzas mediante a adaptación aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas para que poidan acadar o máximo desenvolvemento dentro das súas capacidades.

A intervención educativa na Educación Infantil debe adquirir un marcado carácter preventivo e compensador e pode darse en dous ámbitos de acción:

- Un de tipo preventivo para evitar que se xeren dificultades de aprendizaxe de maneira temperá e de forma especial naqueles casos que presenten risco de tipo persoal, familiar ou social.
- Outro, tentando paliar aqueles trastornos de desenvolvemento xa presentes mediante unha atención axeitada a fin de evitar que se intensifiquen.

Así mesmo, será decisiva a participación activa das familias, por un lado pola valiosa información que poden subministrar acerca da evolución e interaccións do seu fillo/a dentro e fóra do ambiente escolar, e por outro lado polo reforzo positivo que poden exercer no desenvolvemento da criatura cando se produce un bo entendemento e colaboración.

As necesidades educativas destes alumnos/as poden requirir a adopción de medidas de carácter organizativo, pedagóxico e curricular distintas das habituais.

O centro conta con D.O. (orientadora, especialista en PT e especialista en AL) que apoiará no ciclo en caso de ser necesario.

10.-RECURSOS DIDÁCTICOS

Cando se fala de recursos didácticos refírese a todo aquilo que nos serve de apoio e nos facilita o traballo para acadar os obxectivos xerais da Educación Infantil.

Os recursos didácticos poden ser **materiais e humanos**.

- Os recursos materiais, a modo de exemplo:

Da **clase**: - Material funxible: lápiz, goma, ...

- Xogos.

- Material de desfeito.

- Pizarras, corcho, ...

- Material audiovisual.
 - Material informático.
- Do **contorno**: -Visitas, saídas, ...

Material **elaborado polo propio alumnado**.

Material **curricular**.

Optamos por un material impreso, elaborado, deseñado e organizado polo equipo docente tendo en conta as demandas do alumnado.

Este tipo de materiais axústanse á metodoloxía de recunchos e proxectos, facilita unha atención individualizada, cumpre o principio de flexibilización temporal e de secuenciación de contidos, permite abordar as actividades dende distintos niveis e así alcanzar con éxito as distintas metas e é compatible coas teorías constructivistas a aprendizaxe.

11.-AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe, e un elemento curricular básico que garante a calidade do ensino, xa que avaliar consiste en realizar un seguimento ao longo de todo o proceso que permita obter información acerca de cómo se está levando a cabo co fin de reaxustar a intervención educativa en función dos datos obtidos.

En consecuencia, a avaliación deberá referirse tanto a como están aprendendo os alumnos/as, como á revisión dos distintos elementos da práctica docente no ámbito da aula e no conxunto do centro.

A avaliación será **global, continua e formativa** e a **observación directa e sistemática** constituirá a principal técnica do proceso avaliador.

Dende o punto de vista do profesorado do ciclo a avaliación non consiste en facer xuízos sobre o neno/a e os seus traballos senón en considerar o esforzo realizado e o progreso acadado con relación ao estado inicial, para o que é necesario unha observación e rexistro sistemático de cada un dos alumnos da aula.

A avaliación realizarase en tres momentos: ao inicio do proceso (avaliación inicial), ao longo do proceso (avaliación formativa) e ao remate do proceso (avaliación final).

- **Avaliación inicial**: realizareina ao inicio do proceso, determinará o nivel de coñecementos previos e saberei de onde teño que partir.

A **técnica de avaliación** empregada será a recollida de datos:

- . Datos recollidos na entrevista coa familia.
- . Datos anteriores relevantes (médicos...).
- . Observacións directas recollidas no período de adaptación.

- **Avaliación formativa**: fareina ao longo de todo o proceso valorando os obxectivos propostos na programación.

Os **instrumentos de avaliación** empregados serán:

- . Rexistro de datos.
- . Diario escolar.
- . Fichas individuais.
- . Rexistro de actividades.

- **Avaliación final**: fareina ao remate do proceso, elaborando o informe de avaliación final.

Ao remate de cada trimestre realizarase unha sesión de avaliación onde nos reuniremos a mestra titora cos especialistas que imparten clase ao meu grupo de alumnos e coa Xefa do Departamento de Orientación.

Ademais, informarei ás familias trimestralmente sobre os progresos e dificultades que se vaian detectando ao longo do proceso educativo. Este informe é escrito e está estruturado tendo en conta ás áreas do currículo:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- Coñecemento do contorno.

- Linguaxes: comunicación e representación.

As **cualificacións** aplicadas neste informe son as seguintes:

- Sen dificultade - En proceso - Con dificultade

Este informe complétase coas observacións da profesora titora.

É importante destacar as continuas entrevistas coas familias, ben en sesións de tutoría ou ben dun xeito máis espontáneo no contacto diario.

Como a avaliación debe orientarse conxuntamente cara o alumnado e cara os docentes é imprescindible que cada mestre avalíe a súa propia actuación pedagóxica na aula mediante a avaliación da programación e aplicación dos proxectos. Esta avaliación constitúe unha reflexión sobre a propia práctica profesional que, como tal, contribúe decisivamente á mellora da práctica docente.

12.- CONCRECIÓN DO PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN PARA O CICLO

Os nenos/as iniciaranse no manexo das novas tecnoloxías da información de maneira lúdica. Este centro conta con: Aula de Informática (con varios ordenadores conectados por rede interna e con acceso a internet), aula de Audiovisuais (na que se conta cunha Pizarra Dixital Interactiva). En función da súa idade (nenos/as de 3 anos) iniciaranse progresivamente nas seguintes tarefas:

- Acender e apagar de forma correcta o ordenador.

- Coñecemento das partes externas do ordenador (rato, teclado, pantalla, pcu).

- Aprender o manexo do rato con xogos lúdicos.

13.- COMPETENCIAS BÁSICAS

A incorporación das competencias básicas no currículo obriga a reformular a práctica educativa, abandoando os modelos de transmisión do coñecemento.

Aínda que as 8 competencias establecidas pola LOE veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie dende o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente.

É por iso, que a metodoloxía utilizada na Educación Infantil, baséase como xa se viña facendo, nos principios metodolóxicos antes mencionados nos que o eixo central é sempre o alumno/a.

Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán o currículo de E.I., téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

O **enfoque competencial** tómase como primeira vía de materialización da **aprendizaxe significativa** e inspira, a súa vez, un traballo de corte **globalizador**.

A estrutura que se perfila é a seguinte:

Competencias instrumentais:

1. Comunicación lingüística.

2. Competencia matemática.

- 3.Tratamento da información e competencia dixital.

4. Aprender a aprender.

Competencias experienciais e relacionais:

1. Coñecemento e a interacción co mundo físico.
2. Autonomía e iniciativa persoal.
3. Social e cidadá.
4. Cultural e artística.

A continuación explícanse os contidos xerais das competencias e a súa concreción nas distintas unidades didácticas.

Para desenvolver as competencias é necesario traballar partindo do **constructivismo**, axudando aos nenos e nenas a adquirir as competencias instrumentais partindo dos seus propios coñecementos e das súas motivacións. Tanto no achegamento á lectoescritura, como á lóxica-matemática, partindo de situacións de aprendizaxe e motivacións que para o neno/a teñen un significado especial, (como as letras do seu nome, o número de anos que cumpre, o día do seu cumpleanos, etc.). O constructivismo é o principio pedagóxico que impregna todo o proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do desenvolvemento de todas e cada unha das unidades didácticas ou proxecto programados.

COMPETENCIAS INSTRUMENTAIS:

- Contribuirase á mellora da **competencia lingüística** desde a E.I. fomentando a participación, respectando a diversidade de resposta e ofrecendo un clima no que se anime a ler imaxes, escribir e conversar.

- A **competencia matemática** implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á resolución dos problemas ou á obtención de información.

Contribuirase á mellora desta competencia na E.I. na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

- O **tratamento da información e competencia dixital** está asociada coa busca, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte a que se acuda e o soporte que se empregue (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).

— Competencia para **aprender a aprender** está estreitamente vinculada a outras competencias. Está impulsada gracias ás experiencias de manipulación de obxectos, de experimentación con técnicas e materiais, de verbalización e representación. O desenvolvemento da capacidade de observación presenta a conveniencia de establecer pautas de análise, co obxecto de que o exercicio de observar, analizar e expresar proporcione información relevante e suficiente.

COMPETENCIAS EXPERIENCIAIS E RELACIONAIS:

- Para estimular a **competencia no coñecemento e a interacción co medio físico**, potenciaranse as aprendizaxes centradas na forma de relacionarse os alumnos/as co mundo que os rodea. En situacións de xogo e a través da observación e a manipulación de obxectos, da interacción coas persoas, da exploración do espazo e do tempo; con accións que fagan posible o coñecemento e a valoración dos compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas transformacións. Todo iso será medio para conseguir o aprecio e a valoración do que rodea ao neno, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

- Poderase contribuír na mellora da **competencia de autonomía e iniciativa persoal**, cando se permita imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

O coñecemento do seu corpo, coas súas posibilidades e limitacións, axuda aos nenos/as a abordar novas tarefas e iniciativas, a tomar as súas propias decisións e a progresar nas capacidades relacionadas coa conquista da súa autonomía.

- Para o fomento do compromiso **social e cidadá** terase en conta o desenvolvemento de normas de convivencia, de respecto e de solidariedade que permiten establecer relacións harmónicas e equilibradas cos iguais e adultos.

- **Valoración cultural e artística** é necesario partir da observación e análise de obras de arte e o traballo cos elementos que configuran a linguaxe plástica, a escoita de audicións e cancións, e a exploración das posibilidades do son permitirán potenciar a creatividade e a valoración da cultura como un ben de todos.

14.- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para o plan de convivencia da aula, partimos do plan de convivencia elaborado polo centro, buscando a existencia dunha coordinación entre os diferentes niveis educativos.

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión constructiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, dunhas boas canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

O Plan de Convivencia do noso centro ten como obxecto promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia, tendo en conta o seguintes principios básicos:

- Desenvolvendo **relacións axeitadas** entre todos os compoñentes da nosa comunidade educativa.
- Favorecendo a **resolución pacífica e educativa** dos conflitos que se presenten

- Priorizando **actuacións preventivas** destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa. Empregando o Plan de Acción Titorial, os boletíns informativos para as familias, e as accións para a súa divulgación e interiorización.
- Implicando a **todos os sectores da comunidade educativa** na difusión, coñecemento, aplicación e seguimento do Plan de Convivencia, co fin de evitar incoherencias nas actuacións para reforzar condutas positivas.

Estes principios básicos concrétanse nos seguintes obxectivos:

- Mellorar o ambiente do centro fomentando a participación, o respecto, a colaboración, a sensibilización, e cimentando as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade, e a interiorización das normas de convivencia.
- Crear un entorno escolar caracterizado pola cordialidade, interese positivo, e a implicación dos adultos.
- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.